

O Goberno local mantén os soldos que estaba a percibir antes das eleccións

Constituída a corporación municipal para o mandato 2023-2027

Páxinas 12-13



Concello de  Oleiros

As obras de conexión do paseo de Beiramar co Graxal, en marcha

Páxina 5

Vivir en Oleiros

Número 76
Setembro 2023
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

O Concello agradece a todas as comisións de festas e asociacións veciñais o seu xeneroso traballo



Nova petición á Xunta de beirarrúas entre Serantes e Dexo

Páxina 6

Importantes melloras no patio do Colexio Valle Inclán

Páxina 7

Damián Ramos campión de Europa de ciclismo en ruta

Páxina 18

Triunfo da cultura e a convivencia

■ Un verán máis, as distintas localidades enchéronse de vida coa celebración de numerosos actos, festas e verbenas tradicionais. Foron días de convivencia, de reencontros e de alegría, nos que houbo unha elevada participación cidadá. A forza do movemento veciñal, coa axuda do Concello, fíxoo posible.

Páxina 8

O Concello destinará 1,8 millóns anuais á atención en domicilio de persoas dependentes

Estando a ultimar os trámites para iniciar o proceso de contratación do Servizo de Axuda no Fogar para os próximos 2 anos. Para mellorar aínda máis a calidade na atención e poder adaptar as prestacións ás necesidades das familias que precisan da asistencia, vaise incrementar o investimento anual en 500.000 euros.

Páxina 15

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

GRAZAS!

Grazas, grazas e 9.274 veces grazas polo voso enorme apoio nas pasadas eleccións municipais. É unha satisfacción enorme recibir ese grandísimo respaldo do pobo de Oleiros para continuar gobernando coa razón e co corazón este anaco de paraíso que imos construíndo día a día, co empuxe de tantas e tantas mans.

Para cumprir coa votande democrática expresada nas urnas seremos insistentes ata a consecución dos nosos compromisos electorais. Esa será a nosa folla

de ruta, coa que aspiramos a manter a elevada calidade de servizos públicos e equipamentos dos que gozamos, sen limitarnos tampouco a adoptar todos aqueles cambios necesarios provocados polos vertixinosos cambios sociais e a realidade económica das familias, especialmente das que atravesan máis dificultades.

Así, poñeremos todo o noso empuxe en facer realidade neste mandato o edificio multiusos de Bastiagueiro, o paseo fluvial entre San Pedro e Iñás, a senda cos-

teira de Dorneda desde Naval a Canide ou o polideportivo de Nós, cos que nos comprometimos con todas e todos vós. Igualmente, non deixaremos de ser esa voz incesante que reclamará a Xunta e Estado todas aquelas infraestruturas, principalmente viarias, que nos corresponden e que suporán unha importante mellora da nosa mobilidade diaria –finalización da vía Ártabra, ampliación da ponte Pasaxe, creación da Artabriña...-.

Coma sempre fixemos, gobernaremos para todas e todos,

desde abaixo, escoitando, dando a cara, poñendo sempre por diante o interese xeral do pobo de Oleiros. Poderemos cometer erros, pero podeades estar seguros de que nunca abandonaremos o camiño da honestidade e a honradez na nosa acción de goberno.

Vaia desde aquí, unha vez máis, o noso enorme e sincero agradecemento polo apoio recibido, mesturado con ese orgullo de Oleiros que todas e todos compartimos. Seguimos!



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

GOBERNAR PARA TODOS: COMEZAMOS MAL

No Pleno de Constitución do Concello, a nosa voceira Loly Silva ofreceu o apoio do Grupo Municipal Popular para sacar adiante proxectos bos para o municipio en colaboración co Grupo de Goberno.

No Pleno do pasado 27 de xullo levamos dúas mocións con senllos proxectos necesarios en Oleiros. Dunha parte a creación dunha Oficina Municipal de Rehabilitación de Vivendas, con persoal especia-

lizado, que axude aos veciños con vivendas necesitadas de reforma, para mellorar a súa habitabilidade, evitar a ruína de edificacións tradicionais, mellorar a súa eficiencia enerxética etc. Os oleirenses necesitan asesoramento para minimizar os custos, acudir a axudas públicas etc. A outra proposta é a creación dunha Rede de Parques Forestais; tratábase de poñer en valor os terreos rústicos de protección forestal que hai en

Oleiros, axudando aos propietarios para a súa limpeza, substitución de eucaliptos por especies autóctonas, acceso a axudas públicas, e facilitar o acceso aos veciños arrombando os carreiros, e desa forma mellorar o medio ambiente, moi castigado pola deforestación causada pola urbanización extensiva. Así mesmo propoñíase un plan progresivo de adquisición polo Concello das devanditas masas forestais.

Estas propostas foron rexeitadas polo Grupo de Alternativa dos Veciños sen dar opción a un estudo profundo das mesmas en colaboración co resto de grupos da corporación. Gobernar para todos é unha obriga de todo alcalde democrático, e pasa por ter en conta a opinión e propostas razoables da oposición, que representa ao 46% dos oleirenses.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

Iniciou mandato o Sr.García (Gelo) con maioría "ABSOLUTISIMA", que xa fixo notar convocando un pleno extraordinario para elixir aos membros das mesas electorais e "DE PASO" subirse o soldo a él e aos seus concelleiros e concelleiras o 18%, algo que ademais "NEGA". E contratou a 7 eventuais "A DEDO", o máximo que permite a lei, para que os 13 concelleiros de Alternativa non se cansen moito. Aproveitou o segundo pleno para deixar clara a falla, tamén "ABSOLUTÍ-

SIMA", de democracia que padece un Concello de Oleiros "PROPIEDAD" do Sr.García tras 40 anos de goberno. Éi "ORDEA" cando se celebra o único pleno do mes, que temas se van debater nel, cando e como se vai falar e ata o que "PERMITE" dicir á oposición, mentres presume de progresista coa guayabera e o Che na rotonda. E por suposto votou en contra das propostas socialistas sobre instalar un radar no Couto, unha ordenanza de mascotas, a democrati-

zación do Concello, o incremento de prazas para residentes na zona ORA, etc. ...

Negounos explicacións sobre os custos de mantemento do Auditorio de Bastiagueiro, 11.700.000€, e non explicou se ten feito un estudo de retorno, xa que de non telo, pode ser un novo erro como o da Cidade da Cultura. Tampouco respostou sobre os ERROS de XESTIÓN de Alternativa e do Sr.García, na tramitación de subven-

cións. Estiveron tan "MAL FEITAS" que se perderon, e o custo vai ter que saír do peto dos oleirenses, e son varios millóns de euros. Na senda de Iñás a Nós, ao ter 0 puntos en calidade e non chegar ao mínimo de puntuación, perdéronse 2.138.768€ e tamén pasou con outros 500.000€ do Mercado de Perillo.

Para saber máis:
<https://linktr.ee/psdeoleiros>



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

AUDITORIO DE BASTIAGUEIRO, NECESIDADE OU EXCESO?

O Goberno de AV leva máis dunha década coa ladaña do Auditorio multiusos de Bastiagueiro, proxecto cuxo custo será de case 2.000 millóns de pesetas. Alén do carácter cultural e deportivo, potenciará (segundo o Concello) a oferta de Oleiros en congresos, exposicións e grandes eventos.

No BNG achamos que este proxecto megalómano non obedece a necesidades reais, é

absolutamente reiterativo a nivel comarcal e atendendo aos recursos escasos de calquera Administración privará a cidadanía da atención doutras necesidades en materias como a social, o emprego, o medio ambiente, a mobilidade, o comercio de proximidade ou a igualdade.

Cremos que o Concello de Oleiros debe seguir apostando por unha oferta cultural de proximidade, de calidade, de participación e destinada

ao crecemento persoal e ao lecer, feita dende a intimidade; por unha oferta deportiva dedicada ao desenvolvemento pleno e integral das persoas e atendendo ás necesidades dos clubs locais.

A 5,5 quilómetros existen instalacións infrautilizadas como o Coliseo ou Expocoruña, cómpre desenvolver unha política verdadeiramente comarcal evitando duplicidades absurdas.

O turismo de congresos ou de grandes eventos non entende de fronteiras.

Oleiros non precisa ningún mini Gaiás destinado a glorificar a ninguén, que este Auditorio poida ser útil no futuro non implica que sexa en absoluto necesario. Exemplos temos varios na Galiza, os tempos de rematarmos cos proxectos megalómanos, coas duplicidades nas infraestruturas e cos gastos localistas, son chegados.

EDITORIAL • Tempo de diálogo

◆ O resultado das pasadas eleccións xerais é unha foto fixa do que é España neste momento. Somos un país plural e moi diverso, con numerosas particularidades e singularidades. O entendemento e o diálogo político é pois imprescindible para garantir a paz social e o progreso económico.

Nese contexto, no que o bipartidismo aínda non recuperou o terreo perdido, os partidos con maior representación na esquerda e na dereita están obrigados a exercer un liderazgo conciliador para aglutinar ao seu arredor a aquelas outras forzas con menor peso. Sen chantaxes nin boicots pero coas cesións necesarias para facer posible o acordo.

Nese sentido o PSOE, especialmente a través da figura do presidente Pedro Sánchez, leva demostrado unha máis que notable capacidade negociadora con todo tipo de partidos e axentes sociais. A pesar da demonización mediática de moitos dos pactos, o certo é que os resultados son profundamente beneficiosos para a estabilidade do país, que se estaba a ver seriamente ameazada por unha dereita excesivamente intrasixente.

Ese inmovilismo do Partido Popular é o que realmente lle impide a Alberto Núñez Feijóo optar á Moncloa. A incómoda compañía dunha extrema dereita, cada vez máis extrema, está a coartarlle a liberdade necesaria para falar con outros partidos,

tal e como xa fixo no seu momento o presidente José María Aznar con nacionalistas vascos e cataláns, cos que o PP comparte moitos postulados económicos e sociais. Para facer do PP ese partido de centro-dereita serio, cun discurso aberto e conciliador, que tanto necesita España, Feijóo debe retomar a súa posición moderada, que tanto éxito electoral lle deu en Galicia, non pode permanecer máis tempo sometido a extremistas que só alimentan o odio e a involución.

Non realizou esta mesma lectura da realidade o Rei. O Xefe do Estado, de maneira lexítima, tomou a decisión de retrasar a formación do novo Goberno do país. Dous meses que se perderán con dimes e diretes, nos que os deputados cobrarán os seus soldos, pero nos que a actividade parlamentaria será practicamente nula e a acción do Goberno estará moi limitada por continuar en funcións.

O tempo é ouro, e máis nun clima internacional de certa inestabilidade e incerteza. Non se pode poñer máis freos dos que xa existen para a economía do país, para a contratación das obras públicas, para os orzamentos do Estado, para o mantemento dos servizos públicos... España necesita un Goberno, non un desgoberno, e a única opción real de investir a un presidente é a de Pedro Sánchez. Todo o demais é querer e non poder.



O túnel de Sol y Mar, unha realidade inminente ▼

■ *Están a cumprirse todas as previsións existentes en relación ao avance da obra de Sol y Mar*



◆ A non existencia de terreo rochoso na zona do túnel permitiu axilizar esta actuación, demandada durante anos con insistencia por parte do Concello e que suporá unha mellora moi notable no tráfico na zona e, por extensión, nos accesos á Coruña.

Se todo marcha igual, a finais de setembro ou principios de outubro finalizarase o asfaltado do túnel e abrirase á circulación. Posteriormente abordaranse as obras complementarias solicitadas polo Concello ao Ministerio. En concreto investiranse 800.000 euros na reurbanización completa da rúa As Garridas, construción de pasarela peonil entre as prazas dos Areeiros e Agramar, creación dun acceso directo para os garaxes da praza Agramar para evitar circular ata a ponte da Pasaxe, renovación de beirarrúas na rúa do Areal, pavimentación do estacionamento da rúa do Areal, creación da vía de conexión coa rúa Revolta e instalación de novas marquesiñas.

Pasotismo da Xunta coa vía Ártabra ▼

◆ A Xunta non só segue sen iniciar a tramitación para a contratación das obras de conexión da vía Ártabra coa AP-9, senón que ademais a conselleira Ethel Vázquez manifestou xa en varias ocasións que pasarán anos ata que se retomem as obras. Unhas obras que xa estaban contratadas por 42 millóns de euros e que se atopan paralizadas xudicialmente por erros administrativos cometidos no proceso de aprobación do proxecto por parte dos Gobernos autonómicos -o actual e o anterior do bipartito-.

Sería importante que o presidente da Xunta aclarase publicamente a vontade de realizar ou non esta obra de interese xeral prioritario para a mobilidade de toda a comarca da Coruña. Para poder continuar esta estrada ata a A-6 resulta imprescindible finalizar o tramo paralizado desde Iñás ata a AP-9.



■ O nudo de conexión da vía Ártabra coa N-VI en Iñás xa está aberto ao tráfico desde hai un par de semanas.

Lograda a conexión do paseo de Beiramar co Graxal

◆ Ante a insistencia e reclamacións do Concello, Costas accedeu á creación dunha senda marítima que permitirá darlle continuidade ao paseo de Beiramar polo parque do Paraíso ata O Graxal. Esta obra, que se inclúe dentro dos traballos de dragado da ría, abrirá unha franxa de 6 metros pegada á ría e contempla tamén a restauración do antigo muro. Foi necesario eliminar os eucaliptos que había nese tramo.



De xeito paralelo, a Dirección Xeral de Costas tamén está a finalizar as obras de creación do muro de contención da Praia de Bastiagueiro Pequeno. Desta maneira asegúrase tanto a praia como os novos espazos do parque, que se incrementará en 5.000 metros.

Novos servizos públicos no Parque das Trece Rosas

◆ O Concello está a ultimar as obras de adecuación do espazo que ocupaban as casas expropiadas que se atopaban fóra de ordenación no Parque das Trece Rosas. Na vivenda que se conservou, ubicaranse as dependencias para o servizo de xardinería do parque, uns inodoros públicos e unha cafetería. Para xestionar o local de hostalería, nos próximos días abrirase un concurso público ao que poderán presentarse persoas ou empresas con demostrada capacidade profesional no sector.



■ Vaise proceder tamén a refacer as sendas do Parque 13 Rosas, actualmente de xabre, utilizando un novo pavimento que evitará as pedras ao descuberto que causan molestias e pequenos percances aos centos de veciños e visitantes que camiñan por este parque.

Próxima consolidación da avenida Che Guevara



◆ No outono comezarán as obras de continuidade de beirarrúas en Perillo, na marxe dereita dirección Santa Cruz, desde o restaurante El Mirador del Madrileño (antigo Orlinda) ata a rotonda de Che Guevara. Para facer realidade este proxecto será necesario retranquear peches de fincas, desmontar noiros e modificar ramplas de acceso. O investimento que vai realizar o Concello nesta actuación é de 361.000 euros.

Reclamada á Deputación máis seguridade peonil na estrada Oleiros-Iñás ▼



◆ O Concello demandará á Deputación a ampliación da calzada e a creación de beirarrúas entre Oleiros e Iñás, na rúa Fonte do Ouro. O Concello comprométese a falar cos propietarios lindeiros coa estrada para conseguir o terreo necesario para acometer esta obra de mellora da seguridade viaria, nunha estrada provincial que conecta Oleiros con Iñás e Cambre, pasando por Pravio. Tamén se solicitará a creación de beiravías peonís no núcleo de Iñás.

Nova petición á Xunta de beirarrúas entre Serantes e Dexo ▼



◆ Na estrada xeral entre Mera e Lorbé, o tramo que vai desde a igrexa de Serantes ata O Cubo, no desvío cara a Dexo, carece de beirarrúas en varios tramos. As existentes na actualidade foron construídas polo Concello ante a pasividade da Xunta de Galicia.

Retrasos nas obras de Santa Cristina e Lóngora

◆ Despois de 2 anos de trámites, a Deputación da Coruña aínda ten sen contratar a reforma integral da avenida de Santa Cristina. Igualmente segue sen iniciarse a ampliación da rúa Casares Quiroga e dotación de beirarrúas, á altura do Pazo de Lóngora, cun contrato firmado o pasado 7 de decembro coa empresa adxudicataria dos traballos. Ambas obras, impulsadas polas xestións e demandas do alcalde na Deputación, poñen de manifesto unha deficiente xestión por parte do organismo provincial.

Melloras no patio do Colexio Valle Inclán



◆ Atendendo ás peticións da ANPA do Colexio Valle Inclán, o Concello está a finalizar diversas actuacións de mellora no recinto escolar por importe de 233.019 euros. A maiores dos traballos anuais de mantemento, procedeuse á renovación do parque infantil, colocación de bancos e outro mobiliario, pintado das pistas de xogo... O Concello tamén lle reclamou novamente á Xunta a finalización da obra que quedou sen rematar trala reforma do comedor escolar.

Última fase da rehabilitación da Finca Tenreiro



◆ Están en marcha as obras de finalización da restauración do parque e do edificio principal da Finca Tenreiro, en Nós. Remataranse os últimos traballos de xardinería e realizaranse as obras de restauración total do edificio para crear un albergue xuvenil que permita a realización de campamentos municipais e hospedaxe de entidades de fóra de Oleiros, que realicen intercambios culturais ou deportivos con sociedades do municipio. Esta actuación ten un custo total de 457.400,84 euros. O alcalde logrou unha subvención na Deputación de 300.000 euros para esta obra.



Renovado o parque infantil de Rialta

◆ Finalizaron recentemente as obras de mellora e ampliación da área de xogos infantís do parque Nicolás Redondo, na urbanización Rialta. Dada a importante poboación infantil da zona, renováronse todos os xogos e ampliouse o espazo con máis aparatos, entre outros cunha tirolina. O Concello investiu 199.777,99 euros.

Grande éxito das festas e actos culturais



◆ A ampla programación do Concello, xunto coas festas e actos organizados polas distintas entidades veciñais do municipio, fixeron de Oleiros un ferdeiro social e cultural durante as últimas semanas. Coa celebración da romaría de San Cosme en Maiança, o sábado 30 de setembro, poñerase o colofón a un verán marabilloso.

O Goberno municipal agradece, unha vez máis, o extraordinario e xeneroso traballo polo pobo e a cultura realizado por todas as persoas que forman as directivas e colaboran coas comisións de festas e as asociacións veciñais.

O Concello apoia a organización das festas aportando, coa responsabilidade que esixe a xestión pública, importantes recursos humanos, medios materiais e os espazos públicos necesarios para as distintas actividades.



Desde o Concello seguirase a promover as festas e verbenas tradicionais de reunión e encontro entre veciños e amigos nun clima agradable para todas as idades. Festas nas que poidan participar familias enteiras, grupos de amigos, nenos e nenas, persoas maiores... Festas para convivir e divertirse.



Puntos Violetas nas festas para previr violencias sexuais, LGTBfóbicas e machistas ▼

■ **O Concello, en colaboración coas comisións de festas do municipio, traballou activamente para a prevención das violencias sexuais, LGTBfóbicas e demais violencias machistas durante as festas. Entre outras iniciativas, o Concello instalou Puntos Violeta nas celebracións nocturnas máis concorridas.**

◆ Os Puntos Violeta son puntos de atención a vítimas de agresión sexual, LGTBfóbica e calquera outro tipo de agresión machista. Formado por unha equipo experto de profesionais na materia, tamén contaron con acompañamento psicolóxico.

Festas de Santa Cruz

*Polémicas
interesadas*

■ *Os lamentables incidentes acontecidos non son responsabilidade da Comisión, pero tampouco do Concello como se pretende facer crer á cidadanía. O Goberno municipal puxo todos os medios ao seu alcance.*

O Concello de Oleiros quere agradecer, unha vez máis, o traballo realizado por todas as persoas que forman e colaboran coa Comisión de Festas de Santa Cruz, que con tanto éxito, paixón e traballo levan adiante as festas desde hai anos baixo a dirección de Román Montero. Tamén é certo que algunhas das actividades organizadas deberán ser revisadas para evitar os lamentables acontecementos sucedidos provocados por vándalos de fóra do municipio e polo excesivo consumo de alcol e drogas.



◆ O Concello é un dos máximos colaboradores das comisións de festas de todo o municipio. No caso de Santa Cruz esa colaboración é superior, por estar encravadas as festas nun núcleo urbano, no que se orixinan grandes problemas de tráfico e aparcadoiros, así como necesidades de limpeza viaria moi importantes, non só na praza Esther Pita, senón tamén no paseo, praia, rúas, parques infantís, zonas verdes e prazas de toda a localidade.

*A axuda do Concello á
Comisión non é económica,
pero supera en moito os
cartos que se puideran dar
cos servizos que se prestan.*

PRESENZA POLICIAL ▼

A noite do martes 22 de agosto houbo 16 efectivos municipais: 7 axentes da Policía Local e 9 axentes do Servizo Municipal de Emerxencias. É dicir, todos os recursos municipais dispoñibles –as demais parroquias tamén teñen que ser atendidas polos corpos de seguridade-. A Garda Civil participou con 3 patrullas.

A Policía Local non é un corpo de antidisturbios, nin tampouco ten capacidade nin medios para controlar a grupos organizados que provocan alteracións da orde pública. A pesar das difamacións, é xusto recoñecer o destacado traballo realizado polos axentes municipais, afrontándose a situacións ás que deben atender outros corpos de seguridade.

No comunicado emitido pola Comisión de Festas, atribúeselle toda a responsabilidade dos problemas nas festas ao Concello, sen ningún tipo de alusión á Garda Civil ou á Delegación do Goberno –coas competencias en desordes públicos desta magnitude-. Este tipo de actitudes interesadas dalgunhas persoas, que pretenden atacar inxustamente ao Goberno municipal e manipular a realidade, non manchan nin o traballo nin o éxito da Comisión de Festas de Santa Cruz. Por iso, unha vez máis, felicitamos a todas e todos os directivos e colaboradores, lamentar os disturbios acontecidos e animalos a continuar o vindeiro ano, pero sen Xacobebo. Ante o clamor das entidades veciñais e da inmensa maioría de cidadáns, para defender a saúde pública da nosa mocidade, o Concello non permitirá que se volva celebrar este evento. Non toleraremos ningún retroceso na construción da sociedade culta, educada e tolerante que levamos cultivando durante décadas en Oleiros entre o Concello e o movemento veciñal.



■ A ampliación do espazo da festa, trasladando as casetas ata o parque Luis Seoane para mellorar a seguridade non xustifica a incívica aldraxe cometida contra o monumento a Federico García Lorca. Non foi o Concello quen colocou alí o cadro eléctrico nin os cables.

Próxima apertura da convocatoria para a adquisición de pisos a prezos inferiores aos de mercado ▼

■ *Prioridade para os veciños e veciñas do municipio*



■ En Xaz, xunto ao campo de golf, está prevista a construción de 22 vivendas de prezo taxado

A xestión urbanística do Goberno municipal fai posible que o Concello reciba gratuitamente solo nos novos desenvolvementos que se van facendo por todo o municipio. Neste momento o Concello é propietario de parcelas para construír pisos en Xaz –xunto ao campo de golf-, Oleiros – na praza da Rabadeira-, Perillo – en Corredoira das Viñas- e Mera – na nova urbanización do centro da localidade-.

Estanse a finalizar os trámites previos necesarios para poder iniciar o proceso que permita a construción de pisos nesas parcelas para que se poidan vender a prezos inferiores aos de mercado, dirixidos a veciños e veciñas do municipio con dificultades para acceder a unha vivenda. **Está previsto de que antes de que finalice o ano se realice unha convocatoria pública** para que todas aquelas persoas que cumpran cos criterios establecidos poidan presentarse para optar á futura adquisición dunha destas vivendas.

O Goberno municipal leva promovidas a creación de 752 vivendas de protección, ubicadas nos mellores lugares das novas urbanizacións

que se foron creando. En ningún outro concello de Galicia se creou tanta vivenda protexida durante a etapa democrática.

O prezo da vivenda é un asunto que supera amplamente as competencias municipais. As administracións central e a autonómica, con plenas competencias sobre a vivenda, dedícanse a poñer parches que non mudan significativamente a situación. **O dereito á vivenda sigue directamente en mans do mercado, sen que nin o Estado nin a Xunta acometan verdadeiras políticas públicas que permitan axustar os prezos á realidade económica das familias traballadoras.**

O resultado da xestión realizada por parte do Concello nas últimas décadas deu como resultado unha paisaxe coidada e moi agradable, dotada de numerosos servizos públicos e equipamentos de calidade, o que converte a calquera zona do municipio nun espazo moi apetecible para vivir, cun futuro próspero, o que inflúe nos prezos que alcanzan os inmobles no municipio.

O cumprimento das normas dos cans imprescindible para unha óptima convivencia ▼

■ *O Concello fai un chamamento ao civismo de todas as persoas propietarias de cans para que continúen gozando das súas mascotas nos espazos públicos respectando as normas e ordenanzas municipais. Para unha óptima convivencia en parques e paseos, os cans non poden ter máis dereitos que as persoas.*



◆ Oleiros dispón de centos de espazos públicos, parques e paseos nos que se pode pasear cos cans; e de miles de metros cadrados de bosques municipais nos que os cans poden estar sen correa. Debido ao incumprimento da normativa municipal, no mes de maio déronse tres mordeduras en parques públicos; dúas persoas maiores tiveron que ser atendidas polos servizos médicos e un neno tivo problemas no seu rostro.

Os parques públicos non son canódromos, nin áreas de adestramento canino, tal e como está a acontecer no parque das Trece Rosas, entre outros. Existen numerosos bosques municipais nos que si é posible realizar este tipo de actividades e soltar os animais. Igual que ao transitar por beirarrúas ou estradas a maioría dos cans adoitan ir atados, nas zonas verdes debería acontecer o mesmo.

Tamén resulta de obrigado cumprimento recoller as deposicións nos espazos públicos. Ningunha persoa ten dereito a degradar parques nin paseos ao deixar sen recoller os excrementos das mascotas.

En relación ás praias, durante a tempada de verán, a normativa europea impide o acceso dos cans aos areais. Durante o inverno si é posible a entrada de cans, tal e como realizan numerosos cidadáns de Oleiros e doutros concellos.

O investimento anual en benestar animal e concienciación supera os 90.000 euros ▼



◆ O Concello realiza un importante investimento económico en coidado e atención de animais. O servizo de lacería e canceira municipal inclúe a recollida, aloxamento e mantemento de cans e gatos perdidos ou abandonados polos seus donos. Mentres agardan por unha adopción, os animais reciben os mellores coidados e o agarimo dos coidadores nun hotel, no que son atendidos por veterinarios que lles practican revisións e os curan de posibles danos, así como vacinas oportunas e o microchip.

En todas as escolas infantís do municipio, lévase a cabo un programa de sensibilización no que todos os nenos e nenas de 2 e 3 anos aprenden a achegarse a un can, a coidalos e pasealos, a cepillalos e a limpalos... Desta maneira, os menores saben como coidar axeitadamente as súas mascotas e o que deben facer e o que non ante un can para evitar accidentes.

Son numerosas as intervencións que realiza a Policía Local e o Servizo Municipal de Emerxencias ao longo de todo o ano ante os casos de abandono de animais que transitan perdidos polas rúas. Mesmo chegan a realizarse perigosos rescates, en lugares de difícil acceso como cantís.



Os xabaríns causan 104.938 euros de danos nas zonas verdes nos primeiros sete meses do ano ▼

◆ O Concello reclamou á Xunta os 104.938 euros de gastos de reparación de zonas verdes públicas provocados polos danos dos xabaríns desde o 1 de xaneiro ata o 31 de xullo do presente ano. A administración autonómica é a competente en materia de fauna salvaxe, polo que debe asumir as súas obrigas.

A Xunta está a desatender gravemente as súas obrigas coa cidadanía ante o grave risco para a seguridade das persoas que provoca a continua presenza de xabaríns en zonas urbanas. Malia as continuas reclamacións por parte do Concello reclamando batidas e xaulas para poñer fin á situación, a Consellería de Medio Ambiente fai caso omiso.

Constitúese a nova corporación municipal

Os concelleiros e concelleiras elixidas nas pasadas eleccións municipais do 28 de maio tomaron posesión das súas respectivas actas no pleno que tivo lugar na Fábrica o 17 de xuño. Nesa sesión foi investido alcalde Ángel García Seoane, que dixo durante o seu

discurso pretender corresponder ao importante apoio recibido nas urnas. En total Alternativa dos Veciños recibiu 9.274 votos, **Alternativa dos Veciños logrou 9.274 votos, 5.650 votos máis que a segunda forza, o Partido Popular.**



◆ A composición do Goberno aprobouse no pleno de organización municipal celebrado na Casa Charry o 26 de xuño. Todos os concelleiros do Goberno non poden realizar outro tipo de actividade remunerada, nin tampouco percibirán dietas por asistir a plenos, comisións e mesas de contratación. Si recibirán dietas os concelleiros da oposición, tanto pola asistencia a plenos como a comisións informativas.

Goberno de Alternativa dos Veciños



1



2



3



4



5



6



7



8



9



10



11



12



13

O alcalde mantén o mesmo salario que viña percibindo na pasada lexislatura

		RETRIBUCIÓN BRUTA ANUAL
1	Ángel García Seoane: alcalde	(dedicación exclusiva) 62.000 €
2	María José Varela Neira: primeira tenenta de alcalde e concelleira de Urbanismo, Interior, Economía e Facenda	(dedicación exclusiva) 46.000 €
3	Margarita Figueroa Vázquez: segunda tenenta de alcalde e concelleira de Recursos Humanos, Seguridade Cidadá, Cooperación e Participación Cidadá	(dedicación exclusiva) 46.000 €
4	Pablo Cibeira Taboada: terceiro tenente de alcalde e concelleiro de Mobilidade, Comunicación e Novas Tecnoloxías	(dedicación exclusiva) 40.000 €
5	Antonio Molinos Marcote: cuarto tenente de alcalde e concelleiro de Obras Públicas, Medio Ambiente, Servizos e Parques e Xardíns	(dedicación exclusiva) 40.000 €
6	Mª Teresa Vázquez Maseda: quinta tenenta de alcalde e concelleira de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción Económica	(dedicación exclusiva) 35.000 €
7	Aurora Belén Taboada Casal: sexta tenenta de alcalde e concelleira de Servizos Sociais e Igualdade	(dedicación exclusiva) 35.000 €
8	María José Santos Zas: sétima tenenta de alcalde e concelleira de Cultura, Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude	(dedicación parcial, 85,71% da xornada) 35.000 €
9	Sandra Fernández Fernández: concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación	(dedicación parcial, 85,71% da xornada) 30.000 €
10	Jaime Rumbo Mosquera: concelleiro delegado de Servizos Municipais	(dedicación parcial, 85,71% da xornada) 30.000 €
11	Rosa Mª Méndez Gómez: concelleira delegada de Parques e Xardíns	(dedicación parcial, 85,71% da xornada) 30.000 €
12	Marta María Martínez Martínez: concelleira delegada de Sanidade e Consumo	(dedicación parcial, 85,71% da xornada) 30.000 €
13	Ramón Maceira Giadanes: concelleiro delegado de Cultura, Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude	(dedicación parcial, 85,71% da xornada) 30.000 €

Grupo Municipal do Partido Popular



1 María Dolores Silva Núñez



2 Vanesa Domínguez de la Iglesia



3 Jorge Platas Casal



4 Antonio Javier Corredoira



5 Jaime Castor Núñez Cartelle

Grupo Municipal do PSDEG-PSOE



1 Carmen Acuña Do Campo



2 Jesús Fernández Díez

Grupo Municipal do BNG



5 Iván Roca Cruz

O PP acadou o 21% dos votos, o PSOE o 10% e o BNG o 7%

Deputación da Coruña ▶

◆ Alternativa dos Veciños conseguiu un total de 17.363 votos en toda a comarca da Coruña que lle outorgaron un deputado provincial. Seguirá ocupando este cargo o alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane.

García Seoane continuará realizando tarefas de control do Goberno e traballando para que Oleiros reciba o trato que lle corresponde polo seu peso poboacional. A pasada lexislatura, co alcalde como deputado, os fondos asignados a Oleiros mediante distintos programas e convocatorias superaron aos 9 millóns de euros.



Proxección polos 50 anos do golpe de estado en Chile contra Allende ▶

◆ O episodio do bombardeo do Palacio Presidencial de La Moneda, en Santiago de Chile, e a posterior ditadura de Pinochet será lembrado nun acto programado para o día 11 de setembro no auditorio da Fábrica, xusto o día no que se cumpren 50 anos daquela bárbara acción do exército estimulada e apoiado polos Estados Unidos. Será o alcalde, Ángel García Seoane, quen faga de anfitrión de Omar Contreras, que foi preso político da ditadura chilena. Ambos presentarán a proxección do documental "Salvador Allende vive en la memoria", unha obra de Patricio Guzmán que percorre a vida do mandatario democrático chileno desde que nace en Valparaíso en 1908 ata o día en que se suicida cercado polas milicias manexadas desde o estranxeiro.

Omar Contreras Flores é veciño de Maiança e foi preso político da ditadura chilena

Acto público na Fábrica coa proxección do documental
"SALVADOR ALLENDE"
 de Patricio Guzmán
 Luns 11 de setembro ás 20 h na Fábrica

Presentan o acto:
 • Omar Contreras ex-presos político da ditadura
 • Ángel García Seoane Alcalde de Oleiros

Organiza: Concello de Oleiros
 Colabora: Comité de Solidariedade con América Latina

Rebeca Cervantes, exemplo da Igrexa máis comprometida, estará en Oleiros ▶



Conferencia no Castelo o venres 15 de setembro ás 20 h

◆ Rebeca Cervantes é unha desas mulleres que se foron convertindo en exemplos do catolicismo comprometido, da Igrexa militante sempre de parte dos pobres, compartindo a súa visión liberadora. No acto público que se celebrará no salón de actos do Castelo de Santa Cruz relatará as vivencias da súa vida entregada ás persoas que máis padecen a pobreza material do mundo. Fixoo desde a congregación das Mercedarias Misionerías de Bérriz, entidade coa que o Concello de Oleiros leva anos colaborando a través da súa política de cooperación internacional. Será un acto no que se viaxará polas luces e as sombras que van conformando os retos da esperanza de moita xente especialmente en México -entre feminicidios, migracións e narcotráfico- e Guatemala, como ela di, "o país da eterna primavera e a eterna represión, hoxe vivindo na esperanza ante as eleccións".

Cervantes chegou a España desde México, onde viviu os seus primeiros anos nunha familia de dez irmáns. Xa no País Vasco ingresou no Convento da Veracruz, onde estivo formándose durante tres anos, tras o que voltou ao país azteca, onde traballou nun Colexio e na inserción social de colectivos marxinais en Ciudad Obregón, ao noroeste do país. Tras 8 anos promovendo o cooperativismo habitacional pasa a Guatemala en tempos da ditadura de Ríos Mont. Viviu en comunidades rurais identificada cos máis pobres, en constante convivencia cunha cruenta guerra que deixou pegadas intensas na súa vida pastoral e comunitaria. Tras exercer en México e Guatemala regresou a Bérriz, en Biscaia, onde reside temporalmente na actualidade.

Axudar ao Sáhara, cuestión de dignidade ▼

◆ Tres nenos saharauís de 9 anos pasaron unhas tranquilas vacacións en Oleiros convidados por familias do noso municipio. A principios de agosto visitaron ao alcalde en compañía das familias de acollida.

Saad, Azman e Caleb, como se chaman os nenos, viviron felices uns días á marxe das circunstancias coas que conviven nos campamentos de Tinduf, en Alxeria, onde siguen desprazados debido á invasión marroquina do Sahara, que considera ese territorio contra o criterio da ONU. A tradicional solidariedade de España co Sáhara como antiga metrópoli que abandonou a ese país á súa sorte e permitiu que Marrocos se fixese de facto co territorio está no cerne dese costume bastante frecuente de recibir nenas ou nenos saharauís para pasar un período vacacional aquí.

É de lamentar que o Goberno de España respaldase, por primeira vez, o desexo de Rabat de concederlle autonomía ao territorio saharauí, en contra do que quere a maioría da súa poboación, que forma parte da República Árabe Saharauí Democrática e reclama desde hai décadas a súa independencia. O respaldo da ONU non se materializa, polo que continúan refuxiados nos campamentos alxerianos.

Máis recursos para o Servizo de Axuda no Fogar

◆ Que as persoas maiores —en especial as que viven soas— prolonguen a súa vida na súa propia casa é o motivo de potenciar este importante servizo público. O Concello vai sacar un novo contrato no que, entre outras melloras, vanse incrementar notablemente o número de horas das que se dispoñían ata o momento, para cubrir mellor as necesidades que se poidan dar.

Este servizo municipal consiste en ofrecer atención persoal para actividades básicas e instrumentais da vida diaria, outras de carácter psico-social e educativo así como servizos tipo cadeiras de rodas ou duchas, camas articuladas, podoloxía, fisioterapia ou perruquería, entre outros. Tamén prestan atención a distancia, como telemedicina, teleseguimento, teleasistencia e semellantes, así como viaxes en taxi, entre outras necesidades.

Co novo contrato vanse actualizar as tarifas por hora, para que as traballadoras que prestan o servizo poidan ver melloradas as súas condicións económicas. Na actualidade hai unhas 70 persoas vencelladas a esta actividade, que prestan servizo a unhas 230 persoas dependentes, que teñen que abonar ou non un copago en función da renda dispoñible en cada caso.

Programa municipal de envellecemento activo ▼



◆ O 11 de setembro comezan as actividades organizadas polo Concello de ximnasia, taller de memoria e ioga e relaxación dirixidas a persoas maiores de 60 anos. As persoas xa inscritas poderán incorporarse directamente aos seus respectivos grupos. Aqueles veciños e veciñas interesados en apuntarse por primeira vez poderán facelo os días 19, 20, 21 e 22 de setembro chamando ao teléfono 981 61 00 00 en horario de 4 a 8 da tarde.

MEMORIA

LUGAR	DÍA	HORARIO
■ CASA DO POBO DE NÓS	MARTES	18:45 h
■ CASA DO POBO DE NÓS	VENRES	16:00 h
■ LOCAL SOCIAL DA LAGOA DE MERA	MÉRCORES	16:00 h
■ LOCAL SOCIAL DA LAGOA DE MERA	MÉRCORES	17:40 h
■ CENTRO CÍVICO DE SANTA CRUZ	XOVES	9:30 h
■ CENTRO CÍVICO DE SANTA CRUZ	XOVES	11:10 h
■ CENTRO CÍVICO DE SANTA CRUZ	MARTES	10:00 h
■ CASA DA CULTURA DE PERILLO	LUNS	9:30 h
■ CASA DA CULTURA DE PERILLO	LUNS	11:30 h
■ CASA DA CULTURA DE PERILLO	MÉRCORES	9:30 h
■ CASA DA CULTURA DE PERILLO	MÉRCORES	11:10 h
■ CASA DO POBO DE IÑÁS	MARTES	17:00 h
■ CASA DO POBO DE MONTROVE	LUNS	18:00 h
■ CASA DO POBO DE DORNEDA	VENRES	9:30 h
■ CASA CHARRY (OLEIROS)	LUNS	16:00 h
■ CASA CHARRY (OLEIROS)	XOVES	18:10 h
■ CASA DO POBO DE DEXO	XOVES	16:00 h

IOGA

LUGAR	DÍA	HORARIO
■ CASA DA CULTURA DE PERILLO	MÉRCORES	11:30 h
■ CASA DA CULTURA DE PERILLO	VENRES	16:20 h
■ CENTRO CÍVICO DE SANTA CRUZ	LUNS	12:00 h
■ CENTRO CÍVICO DE SANTA CRUZ	XOVES	16:15 h
■ CASA DO POBO DE NÓS	VENRES	11:00 h
■ CASA DO POBO DE NÓS	MÉRCORES	17:00 h
■ CASA DA REPÚBLICA DE OLEIROS	MARTES	11:15 h
■ CASA DO POBO DE DORNEDA	LUNS	17:30 h
■ CASA DO POBO DE MERA	MARTES	17:00 h
■ CENTRO CÍVICO DE SANTA CRUZ	LUNS	11:00 h
■ CASA DA CULTURA DE PERILLO	VENRES	11:00 h

XIMNASIA

LUGAR	DÍA	HORARIO
■ CASA DO POBO DE MERA	LUNS E VENRES	16:00 h
■ CENTRO CÍVICO DE SANTA CRUZ	LUNS E VENRES	16:15 h
■ IÑÁS, CASA DO POBO	MARTES E XOVES	16:00 h
■ PERILLO, CASA DA CULTURA	MARTES E XOVES	16:00 h
■ PERILLO, CASA DA CULTURA	MARTES E XOVES	17:00 h
■ DORNEDA, CASA DO POBO	MARTES E XOVES	16:30 h
■ OLEIROS, CASA DA REPÚBLICA	MÉRCORES E VENRES	16:00 h
■ PERILLO, CASA DA CULTURA	LUNS E VENRES	17:30 h
■ PERILLO, CASA DA CULTURA	MARTES E XOVES	12:00 h
■ NOS, CASA DO POBO	MARTES E XOVES	17:30 h
■ LORBÉ, CASA DO POBO	LUNS E VENRES	17:15 h
■ SANTA CRUZ, CENTRO CÍVICO	MARTES E MÉRCORES	12:10 h
■ NOS, CASA DO POBO	MARTES E XOVES	16:30 h
■ MONTROVE, CENTRO SOCIAL	MARTES E XOVES	17:00 h
■ MERA, CASA DO POBO	LUNS E VENRES	17:30 h
■ SANTA CRUZ, CENTRO CÍVICO	MARTES E XOVES	17:30 h

INFÓRMATE DA ACTUALIDADE MUNICIPAL ▼

Subscríbete ao servizo de novas do **Concello de Oleiros**

www.oleiros.org

Cursos de formación para persoas en situación de desemprego ▼

◆ O Centro Municipal de Formación vai ofertar a partir do mes de setembro cursos formativos de cociña, atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio, socorrismo en instalación acuáticas, socorrismo en espazos acuáticos naturais, montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas, instalación de mobles, financiamento de empresas e competencia clave nivel 2 para certificados de profesionalidade con idioma galego.

Para poder participar nos cursos e informarse, as persoas interesadas deben contactar co Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo, no enderezo rúa Os Regos 24, no teléfono 981 610 319, ou a través do correo electrónico cmf@oleiros.org.



Solicitado un novo obradoiro de emprego ▼

◆ O Concello solicitou á Xunta un novo obradoiro formativo co obxectivo de formar a outros 20 veciños e veciñas do municipio maiores de 18 anos sen emprego. As tarefas de aprendizaxe enfocaranse na realización de mobiliario urbano e mantemento de zonas verdes municipais no entorno do Pazo de Lóngora.

A duración do proxecto é dun ano. O obradoiro contará con 10 prazas destinadas á especialidade de carpintería e moble e outras 10 para actividades auxiliares en viveiros, xardíns, centros de xardinería, conservación e mellora de montes. Ademais dos postos para o alumnado, contratarase a 1 director/a, 1 docente de carpintería, 1 docente de actividades de xardinería, 1 titora e 1 auxiliar administrativo.

No caso da concesión deste obradoiro, o Concello informará debidamente a través das diferentes canles comunicativas municipais a todos os veciños e veciñas.



Subvencións a empresas que contraten alumnado do Obradoiro de carpintería e xardinería ▼

◆ O obradoiro de realización de mobiliario urbano e restauración de zonas verdes está a formar 20 veciños e veciñas de Oleiros que se atopaban en situación de desemprego nos oficios de carpintería e xardinería. Aquelas empresas que contraten algunhas destas persoas van recibir unha subvención de 1.500 euros.

Con esta axuda preténdese facilitar o primeiro contrato de traballo do alumnado e incentivar que as empresas opten por persoal cualificado. O obradoiro finalizará en outubro.

As empresas interesadas nestas subvencións deben dirixirse ao Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo antes do 18 de setembro.

Próxima publicación dunha guía de empresas para fomentar o comercio no municipio ▼

◆ Estase a ultimar a edición dunha nova guía de empresas para divulgar e fomentar o comercio e as empresas do municipio. A publicación será gratuíta e repartirase entre os veciños e veciñas do municipio.

O obxectivo é ofrecer a toda a cidadanía unha publicación na que, de forma ordenada e clasificada por sectores, se recollan todo tipo de servizos, oficios e actividades económicas existentes en Oleiros.

Calquera empresa, negocio ou profesional que desexe aparecer nesta publicación pode poñerse en contacto co Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo dos Regos para proporcionar os seus datos.

Cursos de natación para todos os nenos e nenas ▼



◆ Un ano máis, o Concello pon en marcha o programa municipal de actividade acuática escolar nas piscinas da Fábrica, Oleiros e Dorneda. As clases comezan en outubro e rematarán en xuño.

As inscricións poderán realizarse entre os días 18 e 23 de setembro na piscina que lle corresponda realizar a actividade. Entregarase información detallada a todas as familias nos colexios.

Actividades deportivas para o alumnado de todos os centros de ensino ▼



◆ Dentro das numerosas actividades que o Concello organiza para os centros de ensino público, durante o vindeiro curso escolar os nenos e nenas do municipio practicarán escalada deportiva, surf, remo, kaiak de mar, rugby, hóckey a patíns, parkour e zumba. Desta maneira complementase á propia asignatura de educación física, incluíndo unidades didácticas que polas súas características materiais e de infraestrutura non poderían realizarse nos centros. Ademais de favorecer unha formación físico-deportiva máis completa, enriquecedora e diversificada, foméntase o coñecemento de actividades e instalacións municipais á súa disposición.

Xovenforma e Oleiros en forma, deporte organizado para todas as idades

◆ Ante as limitacións da mocidade para acceder á práctica regular de actividade física organizada fóra do eido competitivo, o Concello oferta cardio, zumba, body box, adestramento en suspensión, cross gym ou fitness para rapaces e rapazas de entre 12 e 17 anos. Para adultos, principalmente para persoas con dores de costas ou cervicais, enfermidades reumáticas, con sobrepeso, algunha lesión deportiva ou que simplemente son sedentarias e queren comezar a realizar exercicio, ofértase o programa *Oleiros en forma* con distintos grupos e actividades.

As persoas interesadas en informarse e participar en *Xovenforma* ou *Oleiros en forma* poden dirixirse á Fábrica, a calquera dos complexos deportivos municipais, ao teléfono 981610000 ou ao correo deportes@oleiros.org.

Santa Cruz e Atlético San Pedro campións do Trofeo municipal de Fútbol



O Santa Cruz gañou o LII Torneo Concello de Oleiros tras impoñerse na final ao Hércules por 2-1. O Atlético San Pedro venceu o II Torneo de feminino tras gañarlle a final ao Obrero por 6-0.

Os equipos participantes en categoría masculina foron Santa Cruz, Hércules, Mercurio, Obrero, Unión Campestre, Marino, Dorneda, Cristo Rey e Atlético San Pedro. Os equipos femininos foron Obrero, Unión Campestre, Santa Cruz e Atlético San Pedro. As dúas finais celebráronse Campo Deportivo Municipal A Marola e o Concello destinou 12.258 euros para os premios económicos dos clubs participantes.

Subvención municipal para as regatas de traíñeiras ►

◆ O Club de Regatas Perillo organizou a XXII Bandeira Concello de Oleiros masculina e a VIII Bandeira Concello de Oleiros feminina. Ambas competicións forman parte da Liga Galega de traíñeiras, contaron coa participación de 13 tripulacións, resultando gañadores os equipos de Muros-Esteirana e Chapela.

Para continuar apoiando e fomentando este deporte no municipio, o Concello concedeulle unha subvención de 9.985 euros ao Club de Regatas Perillo para sufragar o 100% dos premios que recibiron os equipos participantes nas regatas.



Oleiros, canteira de campións

■ Os e as deportistas do municipio seguen acadando destacados triunfos a nivel estatal e internacional en distintas especialidades deportivas e modalidades. Os últimos meses foron especialmente prolíficos.



■ **Damián Ramos**, campión de Europa e España de ciclismo (de ruta e pista)



■ **Lucas Yáñez**, subcampión da Copa do Mundo de patinaxe artística



■ **Raúl Couto**, subcampión de Europa de patinaxe de velocidade



■ **Helena García**, tricampioa de España de taekwondo



■ **Aldara Rodríguez Mirás**, campioa de España de ximnasia artística (paralelas base 10)



■ **Javier García**, campión de España e Galicia de remo (traíneiriñas)



■ **Lucas Otero**, campión de España de remo (traíneiras)



■ **José Manuel Peláez**, campión de España de remo (traíneiras)



■ **Manu Taibo**, campión de España de patinaxe de velocidade (15.000 eliminación)




■ **Kiko García**, campión de España de hockey a patíns



■ **Bruno Bologna**, campión de España de hockey a patíns



■ **Lucas Fernández**, campión de España de hockey a patíns




■ **Erik Cortázar**, subcampión de España de ximnasia artística (solo, salto e base 4)



■ **Andrea Boedo**, subcampioa de España de patinaxe de velocidade (volta sprint)



■ **Marta Fernández**, medalla de bronce no Campionato de España de atletismo (lanzamento de peso)



■ **Xoel Vilariño**, medalla de bronce no Campionato de España de patinaxe de velocidade (100 metros)



■ **Javier Vicos**, medalla de bronce no Campionato de España de patinaxe de velocidade (100 metros)



■ **AD Fogar de Oleiros**, medalla de bronce no Campionato de España de triatlón (contra-reloxo)

Destacada actuación do Acordes no Campionato de Europa celebrado en Finlandia. As ximnastas oleirenses acadaron a 8ª posición ►



Contacontos e obradoiros infantís nas bibliotecas municipais

◆ As bibliotecas do Concello de Oleiros ofrecerán durante os vindeiros meses diferentes sesións de contacontos e obradoiros dirixidos a nenos e nenas maiores de 2 anos. É imprescindible reservar praza previamente para participar. É posible apuntarse en cada biblioteca ou por teléfono no 981 610 000


• BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO

- ▶ **Día 28 de setembro** (18:30 horas): *Cinco ratiños de conto* con Migallas Teatro, para nenos e nenas **de 2 a 4 anos**.
- ▶ **Día 5 de outubro** (17:30 horas e 18:45 horas): obradoiro de *Robótica educativa* con **A nube de artear**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **Día 19 de outubro** (18:30 horas): *Os libros da titiriteira* con **A Xanela do Maxín**, para nenos e nenas **de 2 a 4 anos**.
- ▶ **Día 26 de outubro** (17:30 horas): obradoiro de *Contos, cubismo e artistas do vangardismo* con **Colectivo Mirlotil**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **Día 2 de novembro** (18:30 horas): *Quen dixo medo* con **Charo Pita**, para nenos e nenas **de 2 a 4 anos**.
- ▶ **Día 9 de novembro** (18:30 horas): *Debulendo lendas galegas* con **Tarabelos**, para nenos e nenas **maiores de 5 anos**.
- ▶ **Día 16 de novembro** (18:30 horas): *Follas de outono* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas **de 2 a 4 anos**.
- ▶ **Día 23 de novembro** (18:30 horas): *Querida ovella negra* con **Trinke Trinke Teatro**, para nenos e nenas **maiores de 5 anos**.
- ▶ **Día 30 de novembro** (18:30 horas): *O conto de sempre contado ao revés* con **Fran Amil**, para nenos e nenas **de 2 a 4 anos**.



• BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. SANTA CRUZ

- ▶ **Día 20 de setembro** (18:30 horas): *Maxia tola e lectora* con **Leo Leño**, para nenos e nenas **maiores de 5 anos**.
- ▶ **Día 27 de setembro** (17:30 horas): obradoiro de *Robótica creativa* con **Leader dreams**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **Día 11 de outubro** (18:30 horas): *Sabela e o paxaro máxico* con **Tarabelos**, para nenos e nenas **de 2 a 4 anos**.
- ▶ **Día 4 de outubro** (18:30 horas): *A igualdade non ten idade* con **Luis Vallecillo**, para nenos e nenas **maiores de 5 anos**.
- ▶ **Día 18 de outubro** (18:30 horas): *En busca dos monstros* con **Trémola Teatro**, para nenos e nenas **maiores de 5 anos**.
- ▶ **Día 25 de outubro** (18:30 horas): *Riciños de ouro* con **Trinke Trinke Teatro**, para nenos e nenas **de 2 a 4 anos**.
- ▶ **Día 8 de novembro** (18:30 horas): *Que comen as bruxas?* con **Pavís Pavós**, para nenos e nenas **maiores de 5 anos**.
- ▶ **Día 15 de novembro** (18:30 horas): *Sorpresa!* con **A Xanela do Maxín**, para nenos e nenas **de 2 a 4 anos**.
- ▶ **Día 22 de novembro** (17:30 horas e 18:45 horas): obradoiro de *Robótica educativa* con **A nube de artear**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **Día 29 de novembro** (18:30 horas): *Contos para cazar biosbardos* con **Charo Pita**, para nenos e nenas **de 2 a 4 anos**.



• BIBLIOTECA Mª JOSÉ RUSO. DORNEDA

- ▶ **Día 2 de outubro** (17:30 horas): *Escape room* na biblioteca con **Antía Yáñez**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **Día 9 de outubro** (18:30 horas): *Galicia coa maxia* con **Pedro Bugarín**, para nenos e nenas **maiores de 5 anos**.
- ▶ **Día 23 de outubro** (18:30 horas): *O conto de sempre contado ao revés* con **Fran Amil**, para nenos e nenas **de 2 a 4 anos**.
- ▶ **Día 13 de novembro** (18:30 horas): *Unha noite de inverno* con **Paula Carballeira**, para nenos e nenas **maiores de 5 anos**.
- ▶ **Día 27 de novembro** (18:30 horas): *Pipo o paxaro que non sabía voar* con **Trémola Teatro**, para nenos e nenas **de 2 a 4 anos**.
- ▶ **Día 4 de decembro** (18:30 horas): *Brinca vai! De aquí a acolá* con **Paco Nogueiras**, para nenos e nenas **maiores de 5 anos**.



• BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. OLEIROS

- ▶ **Día 19 de setembro** (17:30 horas): obradoiro de *Coas mans na masa* con **OQO**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **Día 26 de setembro** (18:30 horas): *Maxia de aquí e de acolá* con **David Méndez**, para nenos e nenas **maiores de 5 anos**.
- ▶ **Día 3 de outubro** (18:30 horas): *Radio Bulebule* con **Paco Nogueiras**, para nenos e nenas **maiores de 5 anos**.
- ▶ **Día 24 de outubro** (18:30 horas): *Leo e as cores* con **Trémola Teatro**, para nenos e nenas **de 2 a 4 anos**.
- ▶ **Día 14 de novembro** (18:30 horas): *Animais do bosque* con **Trinke Trinke Teatro**, para nenos e nenas **maiores de 5 anos**.
- ▶ **Día 28 de novembro** (18:30 horas): *Olo, piollo* con **Chus Álvarez**, para nenos e nenas **de 2 a 4 anos**.



• BIBLIOTECA Mª JOSÉ TRINCADO. MERA

- ▶ **Día 22 de setembro** (18:30 horas): *Cinco ratiños de conto* con **Migallas Teatro**, para nenos e nenas **de 2 a 4 anos**.
- ▶ **Día 29 de setembro** (18:30 horas): *O león azul* con **Trécola Teatro**, para nenos e nenas **maiores de 5 anos**.
- ▶ **Día 6 de outubro** (18:30 horas): *Contando números, contando cores* con **Pablo Díaz**, para nenos e nenas **maiores de 5 anos**.
- ▶ **Día 20 de outubro** (18:30 horas): *Bos días!!!* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas **de 2 a 4 anos**.
- ▶ **Día 3 de novembro** (18:30 horas): *Querida ovella negra* con **Trinke Trinke Teatro**, para nenos e nenas **maiores de 5 anos**.
- ▶ **Día 17 de novembro** (18:30 horas): *Olo, piollo* con **Chus Álvarez**, para nenos e nenas **de 2 a 4 anos**.
- ▶ **Día 1 de decembro** (18:30 horas): *Un nadal cheo de contos* con **Tarabelos**, para nenos e nenas **maiores de 5 anos**.



• BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ

- ▶ **Día 21 de setembro** (18:30 horas): *Brinca vai! De aquí a acolá* con **Paco Nogueiras**, para nenos e nenas **maiores de 5 anos**.
- ▶ **Día 28 de setembro** (18:30 horas): *Nova maxia para todxs* con **Pedro Bugarín**, para nenos e nenas **maiores de 5 anos**.
- ▶ **Día 5 de outubro** (18:30 horas): *Habelas hailas* con **Leo Leño**, para nenos e nenas **maiores de 5 anos**.
- ▶ **Día 19 de outubro** (18:30 horas): *O conto de sempre contado ao revés* con **Fran Amil**, para nenos e nenas **de 2 a 4 anos**.
- ▶ **Día 2 de novembro** (17:30 horas): obradoiro *Dexo é un desexo* con **Colectivo Mirlotil**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **Día 23 de novembro** (18:30 horas): *Contos de galos e demais animais* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas **de 2 a 4 anos**.



• BIBLIOTECA ÁNHEL FOLE. NÓS

- ▶ **Día 22 de setembro** (18:30 horas): *Maxia para todos* con **Pedro Bugarín**, para nenos e nenas **maiores de 5 anos**.
- ▶ **Día 29 de setembro** (18:30 horas): *Princesas e principetas* con **Raquel Galavís**, para nenos e nenas **de 2 a 4 anos**.
- ▶ **Día 6 de outubro** (18:30 horas): *Ramona Órbita, a dona do tempo* con **Pakolas**, para nenos e nenas **maiores de 5 anos**.
- ▶ **Día 27 de outubro** (18:30 horas): *Olo piollo* con **Chus Álvarez**, para nenos e nenas **de 2 a 4 anos**.
- ▶ **Día 10 de novembro** (18:30 horas): *A gran aventura dos animais* con **Trémola Teatro**, para nenos e nenas **maiores de 5 anos**.
- ▶ **Día 24 de novembro** (18:30 horas): *Menú de contos* con **Charo Pita**, para nenos e nenas **de 2 a 4 anos**.



Cultura de calidade para todos e todas

■ *Ampla programación municipal con música, teatro, danza e cine* ▼


CONCERTO

Amoeba Split

● **Sábado 7 de outubro,**
ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica (Perillo)

Amoeba Split é un grupo musical da Coruña que interpretan un tipo de música enmarcada dentro do denominado jazz-rock progresivo.



TEATRO

Sen lingua

● **Sábado 14 de outubro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Amanda busca desesperadamente camiños para expresarse, pero Amador non a ve, non a escoita, non a sinte.



TEATRO

DROP

● **Sábado 21 de outubro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

DROP xoga, constantemente, coa metáfora que compara ós malabares coa vida. E lémbra-nos que, dalgún xeito, todas e todos somos grandes malabaristas.



DANZA

BIONIC

● **Sábado 28 de outubro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

BIONIC é o novo espectáculo da compañía Entremans, creado e dirixido polos seus propios intérpretes Armando Martén e Ana Beatriz Pérez.



TEATRO

Hamelín

● **Sábado 4 de novembro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Hamelín aborda a pederastia cunha linguaxe e escenas cheas de elipses, onde o espectador debe poñer da súa parte para interpretar, para encher os silencios.



TEATRO

Unha inimiga do pobo

● **Sábado 11 de novembro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Adaptación dunha das pezas máis significativas da literatura dramática universal para denunciar a política que antepón os beneficios económicos sobre a saúde.



CINE

O médico dos pobres

● **Sábado 7 de outubro,**
ás 21:00 horas

Auditorio da Fábrica (Perillo)

Documental no que se narra a vida de Manuel Díaz O Pequeniño, médico rural, deputado provincial e alcalde do Incio durante a II República.



TEATRO

BACKUP, a resurrección de Nuno

● **Sábado 18 de novembro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

A resurrección de Nuno dá lugar a que saian á luz conflitos e segredos familiares que confrontan a cada membro do clan con dilemas que resolver e verdades que asimilar.



TEATRO

O refuxiado

● **Sábado 25 de novembro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Un político ambicioso, sen escrúpulos nin cultura, acepta o consello do seu xefe de gabinete para solucionar un proceso por corrupción: acoller un refuxiado na casa.



VENDA DE ENTRADAS

■ *É posible adquirir anticipadamente as entradas a través da web municipal ou desde una hora antes do inicio de cada espectáculo na billeteira dos auditorios.*

Obradoiros artísticos para todas as idades ►

◆ Nos próximos días abrírase o prazo de inscrición para distintos obradoiros artísticos de artes plásticas, teatro, pintura, olería e cómic, gravado e grafiti. Para obter máis información é posible dirixirse á Fábrica, ao correo electrónico cultura@oleiros.org, ou chamar ao teléfono 981610000.



TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicación@oleiros.org*

A manipulación antes que os pactos

Con motivo das eleccións xerais do pasado mes de xullo e das municipais e autonómicas do mes de maio, nos últimos tempos estase a falar moito sobre pactos de goberno. Un elemento que en política debería estar ben considerado, xa que o noso sistema parlamentario basease na conformación de maiorías. Sen embargo, dende diferentes formacións políticas e medios de comunicación trátase de trasladar algo completamente contrario. ¿Por que ocorre isto?

A política de acordos e coalicións, tan habitual na política autonómica e municipal durante moitos anos (en Galicia temos o exemplo do bipartito BNG-PSOE) estase a trasladar nos últimos tempos ao escenario nacional. O actual Goberno da nación, agora en funcións, formado polo Partido Socialista e Unidas Podemos, parece que podería reeditarse (con Sumar no lugar do partido morado). Sen embargo, dende o principal partido da oposición e un potente sector mediático trátase de impoñer un relato contrario a esta idea aportando tres premisas.

Por unha banda, que non pode ser que non governe a lista máis votada, xa que o Partido Popular foi o partido que máis apoio recibiu nas eleccións xerais de xullo. Por outra, que non é lícito nin moral pactar con partidos de carácter nacionalista e independentista, como poderían ser EH Bildu, ERC, Junts ou BNG. Como terceira pata do banco aparece o argumento de que un goberno con eses apoios está destinado a acabar mal.

Unas ideas orientadas a beneficiar a un sector político en concreto é que son absolutamente parciais. Primeiro porque España conta cun sistema parlamentario no que goberna o candidato que consegue o maior apoio por

parte dos 350 deputados da cámara, non o que máis votos recibe da cidadanía. Segundo porque as formacións nacionalistas representan a unha parte enorme da cidadanía española, que entende o noso país dunha forma igual de válida que a dun votante de partidos nacionais. E terceiro porque se algo demostrou o goberno de Pedro Sánchez nestes catro anos anteriores, é que unha política de acordos con diferentes partidos é perfectamente posible.

Os pactos son un elemento moi necesario na nosa política, e serven para evitar que beneficien uns poucos. Todo o que sexa chegar a acordos con formacións diferentes, sempre e cando estas non atenten contra os dereitos básicos de colectivos minoritarios, deberían de estar moi ben considerado. Un cambio no panorama nacional, que confiemos que se converta en cultura.

Jacobo Castro Taibo - Mera

Cando un fito histórico queda eclipsado polo ego, a autoridade e o afán de poder dun “mandamáis”

O pasado domingo, cando a árbitra Mary Victoria Penso pitou o final do partido da Copa Mundial Feminina, onde España proclamábase campioa por primeira vez na historia, todo apuntaba cara a uns próximos días de protagonismo das nosas xogadoras, fútbol e deporte feminino pero, todo veu abaixo e quedou eclipsado como consecuencia do ego, autoridade e o afán de poder do “mandamáis” do fútbol español. Unha clara demostración de que aínda queda moito por facer en canto á igualdade, o respecto e os dereitos das mulleres. Pero, despois de todo este espectáculo bochornoso á vista do mundo, ábrese unha gran oportunidade para que o fútbol espa-

ñol demostre que non só respecta os dereitos das mulleres, senón que os vai a defender como corresponde.

J.M.C. - Iñás

Vivir en Oleiros, que bonito é

Dende a residencia Clece Vitam Bastiagueiro queremos dar a coñecer o noso día a día aos veciños de Oleiros e, á súa vez, implicarnos en actividades culturais ou de ocio que se leven a cabo no concello.

Como centro sociosanitario da comarca, programamos ao longo de todo o ano numerosas actividades dentro do noso entorno. Aproximadamente cada quince días, planifícase unha saída ao exterior en escenarios naturais do concello, coa finalidade de coñecer os novos espazos ou os cambios que se dan na cidade, e sobre todo, “compartir momentos ou recordos coa xente do pobo”. As excursións comezan os días previos á saída, “xa que decidimos a onde iremos, preparamos a roupa segundo o clima e concretamos o itinerario”.

Entre as saídas que se programaron, “fíxonos especial ilusión a visita ao Museo Os Oleiros, ao Castelo de Santa Cruz, as saídas aos restaurantes da zona e ao Parque das trece Rosas”. “A quen non lle gusta ir e vir, viaxar, coñecer lugares novos e sobre todo retornar aos lugares da nosa infancia?”.

Para o resto do ano estamos elaborando unha listaxe cos sitios que nos gustaría visitar dentro do Concello. Os veciños sodes os que coñecedes eses sitios que non saen nas guías turísticas, onde preparan o mellor cocido ou onde se poden tomar os mellores cafés. As nosas portas están abertas para todas as persoas que queiran compartir con nós un anaquiño do seu tempo.

Persoas residentes da Residencia CleceVitam Bastiagueiro

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Servizo Municipal de Emerxencias	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
El A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

Bibliotecas

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
Mª José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
Biblioteca Mediambiental / Pazo de Lóngora	981 630 618



38.337
habitantes empadroados/as!

Padrón do Concello distribuído por parroquias ata o 25 de agosto

DEXO (Santa María)	1.439
DORNEDA (San Martiño)	3.738
IÑÁS (San Xurxo)	1.309
LIÁNS (Santa Eulalia)	11.177
MAIANCA (San Cosme)	1.663
NÓS (San Pedro)	4.936
OLEIROS (Santa María)	3.314
PERILLO (Santa Leocadia)	9.130
SERANTES (San Xulián)	1.631

TOTAL 38.337

Horarios do TRANSPORTE PÚBLICO



En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333

Aeroporto de Alvedro 981 187 200

Estación autobuses A Coruña 981 184 335

Estación FFCC San Cristovo 902 432 343

LORBÉ ■ O BURGO

2652

> SAÍDAS

Cal Pita - Eliseo Pita

REGRESOS <

LORBÉ • SANTA CRUZ • OLEIROS • SAN PEDRO • O BURGO

07:00 h - 21:00 h cada 2 horas luns - venres cada 2 horas 08:00 h - 20:00 h

FARMACIAS DE GARDA

Datas

■ OS REGOS • Avda. Isaac Díaz Pardo, 4	Do 8 ao 14 de setembro
■ SANTA CRUZ • Rúa Viñas de Babilonia, 10	Do 15 ao 21 de setembro
■ PERILLO • Avda. Ernesto Che Guevara, 16	Do 22 ao 28 de setembro
■ LORBÉ • Rúa Golfiño, 117-A	Do 29 de setembro ao 5 de outubro
■ IÑÁS • Av. das Mariñas, 54, Parque Oleiros	Do 6 ao 12 de outubro
■ PERILLO • Rúa Areal, 17	Do 13 ao 19 de outubro
■ OLEIROS • Camilo Díaz Baliño, 1	Do 20 ao 26 de outubro
■ MERA • Praza de Miramar, 4	Do 27 de outubro ao 2 de novembro
■ PERILLO • Avda. Rosalía de Castro, 247	Do 3 ao 9 de novembro
■ NÓS • Avda. das Mariñas, 247	Do 10 ao 16 de novembro
■ SANTA CRUZ • Francisco Comesaña 4-6	Do 17 ao 23 de novembro
■ ARILLO • Avda. República Arxentina, 106	Do 24 ao 30 de novembro

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	31 agosto / 30 setembro / 29 outubro
Mingua	7 setembro / 6 outubro / 5 novembro
Nova	15 setembro / 14 outubro / 13 novembro
Medra	22 setembro / 21 outubro / 20 novembro

Puro talento! ▼



◆ O alumnado das escolas de música, danza e teatro encheu de momentos espléndidos diversos espazos públicos do municipio. Espectáculos deliciosos cos que as e os artistas expresaron o seu talento para goce do público asistente.

A cultura creativa forma parte do compromiso do Concello co ocio san da mocidade e a formación en distintas áreas complementarias para unha educación máis integral e alternativa.

As escolas municipais de música, danza e teatro están abertas a toda a veciñanza que queira satisfacer as súas inquietudes artísticas.

